CONCELLO DE PONTEVEDRA

EXPEDIENTE Nº: 2021/TRIBUNAL/000006
ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE TÉCNICO MEDIO INFORMÁTICO (QUENDA LIBRE) INCLUÍDA NA OEP 2020

RESOLUCIÓNS DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO PRIMEIRO EXERCICIO (TIPO TEST).-

Reunido o tribunal cualificador, o 15/04/21, dáse conta pola secretaria do tribunal dos escritos de alegacións presentados polas persoas aspirantes que de seguido se sinalan contra determinados aspectos, que a continuación se expoñen, do cuestionario tipo test no que consistiu o primeiro exercicio do proceso selectivo.

O tribunal cualificador á vista das reclamacións, por unanimidade, fai as seguintes consideracións:

-Reclamacións formuladas polo aspirantes Manuel Villaverde Gulias, en data 13/04/2021 (rexistro de entrada 2021015016) e Carlos Fernández Villar, en data 14/04/2021 (rexistro de entrada 2021015354)

Solicítase por Manuel Villaverde Gulias, que se revise manualmente a súa plantilla de respostas do primeiro exercito tipo test para correxir a súa puntuación, xa que considera que a súa puntuación debería ser 6,89 e non 6,22 e que non se corresponde co número de respostas acertadas, erradas e non contestadas.

Comprobado por parte de este tribunal a plantilla de respostas publicada o 12/04/2021, e comparándoa coa plantilla achegada polo solicitante este Tribunal considera que a puntuación se corresponde coa a da plantilla de respostas publicada o 12/04/2021.

Polo tanto, acórdase desestimar a alegación formulada.

Solicítase por Carlos Fernández Villar, que se revisen as respostas às preguntas número 2 e número 50.

A pregunta número 2 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:

2.- Segundo establece o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, no referido aos permisos e licenzas aos que ditos empregados teñen dereito de desfrute, sinale a opción correcta en relación aos días de permiso que o texto citado outorga no suposto de falecemento de parentes:
a) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sin hospitalización que precise de reposo domiciliario, de un familiar dentro do primer grado de consanguineidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días hábiles cando se produza en distinta localidade
b) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sin hospitalización que precise de reposo domiciliario, de un familiar dentro do primer grado de consanguineidade ou afinidade, tres días naturais cando o suceso se produza na mesma localidade, e cinco días naturais cando se produza en distinta localidade
c) Por falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sin hospitalización que precise de reposo domiciliario, de un familiar dentro do primer grado de consanguineidade ou afinidade, o tempo imprescindible para a asistencia ao sepelio

O tribunal determinou como resposta correcta a b)

O opositor recorrente considera que a resposta correcta é a opción a) e non a b), e solicita a súa revisión, baseando a súa corrección ao abeiro do establecido no artigo 48 Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Comprobado o precepto mencionado este Tribunal considerada que efectivamente a resposta correcta é a a) e non a b)

En consecuencia, acórdase estimar a alegación presentada, e considerar como resposta correcta a 2a)

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:CV3495W1MSUCEIZ7

No tocante a pregunta número 50 o aspirante considera que a resposta b) non sería correcta. E se a b) non é correcta, a c) tampouco, en base ás razóns xustificadas no seu escrito de alegacións.

A pregunta nº 50 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo é do tenor literal seguinte:

50.- A disposición adicional primeira do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, recolle como parte do Esquema Nacional de Interoperabilidade o desenvolvemento de normas técnicas de interoperabilidade, que será de obrigado cumprimento por parte das administracións públicas, forman parte destas normas:
a) Expediente electrónico
b) Relación de modelos de datos
c) Todas son correctas

A resposta considerada correcta polo Tribunal é a c)

En relación con esta reclamación, considera o Tribunal que:

A pregunta número 50 do exame tipo test solicita do opositor que sinale das opcións plantexadas cales forman parte destas normas ofrecendo tres alternativas que reflicten diversas opcións entre as que o interesado debeu de sinalar a opción que resultase máis acaida. Debemos lembrar que nas preguntas tipo test cómpre escoller a opción que resulte máis correcta posible, de maneira que o tribunal cualificador teña a seguridade de que o aspirante que dá coa resposta correcta coñece o temario coa maior das profundidades. Así, na pregunta número 50, das alternativas propostas dedúcese que a única alternativa correcta é a sinalada coa letra c) do teor literal: "todos son correctas", xa que en ningún caso as restantes propostas poderíanse considerar como incorrectas, ao abeiro do establecido na disposición adicional primeira do Real decreto 4/2010, do 8 de xaneiro.
Para máis abastamento, no Portal de Administración Electrónica (PAE) (administracionelectronica.gob.es) numéranse as NTI, entre as cales aparecen as respostas a) e b).

Xa que logo, este Tribunal acorda desestimar a alegación formulada en relación coa pregunta n.º 50 do primeiro exercicio tipo test do proceso selectivo.

O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) o contido deste acordo.

MODIFICACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA POLOS ASPIRANTES NO EXERCICIO TIPO TEST.-
Como consecuencia da estimación da alegación relativa á pregunta nº 2 do primeiro exercicio tipo test, o Tribunal cualificador acordou a súa corrección, dando por correcta a resposta a) e non a b) corrixindo novamente os exercicios dos opositores con base á plantilla de solucións e publicar a nova relación de opositores que superaron o 1º exercicio da oposición, mantendo o resto de criterios e acordos adoptados polo Tribunal na sesión do día 12/04/2021, en particular, que a puntuación (nota de corte) esixida para superar o exercicio é de 5,00 puntos, que se corresponde con 30 respostas acertadas, unha vez descontadas, de ser o caso, a penalización por respostas incorrectas e non contestadas. En consecuencia co anterior, as persoas aspirantes que superaron o primer exercicio tipo test obtiveron as seguintes cualificacións:

APELIDOS	NOME	NOTA
ALONSO PÉREZ	SAMUEL	5,11
GOMEZ LOPEZ	ROI	8,00
GONZÁLEZ DAVILA	SERAFÍN	6,44
LOPEZ RODRIGUEZ	JAIME	9,11
MOURIÑO GALLEGO	JOSE CARLOS	5,56
RODRIGUEZ DORADO	CESAR	5,56
VILLAVERDE GULIAS	MANUEL	6,00

Os aspirantes admitidos ao proceso selectivo e non incluídos na anterior relación ou ben non se presentaron ou non superaron o exercicio ou foron automaticamente eliminadas do proceso, ao non seguir as instrucións que obran na mesma plantilla de respostas do exercicio, de conformidade coas normas lidas polo tribunal inmediatamente antes da realización deste.

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:CV3495W1MSUCEIZ7

RECURSOS.- Contra a resolución das reclamacións sinaladas, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.
No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO E CONVOCATORIA SEGUNDO EXERCICIO, ESCRITO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO.- .- O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) o anuncio das novas cualificacións obtidas polos aspirantes que superaron o primer exercicio tipo test **convocando aos candidatos que o superaran** para a realización do segundo exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio que consistirá en contestar por escrito, no prazo máximo de tres horas, de catro temas entre os incluídos na segunda parte do programa establecido na base quinta, determinado ao chou polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública e puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.
Os criterios esenciais de valoración desta proba son o nível de coñecementos, a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e a precisión na exposición, **o día 19 de abril, às 10.00 horas, na Casa Verde. Centro sócio cultural de Salcedo, sito en rúa Igrexa 36C, Salcedo, Pontevedra (ao lado do cemitério de Salcedo) Coordenadas 42.410345,-8.648373**



Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade
en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:CV3495W1MSUCEIZ7



A secretaria do Tribunal na data da sinatura electrónica.

Asinado por: PATRICIA RIVADULLA RODAL
Servizo: SERVIZO DE XESTIÓN TRIBUTARIA
Cargo: XEFA DE SERVIZO
Data: 15/04/2021
Este documento foi asinado electronicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:CV3495W1MSUCEIZ7